



Nº EXPEDIENTE: 2025/SUBCC/000005

Proxecto de bases e convocatoria que rexerán os Premios Ben Veñas, Maio 2025

1 Obxecto

A lingua galega constitúe o principal patrimonio cultural da nosa Comunidade, como sinal de identificación e diferenciación de Galicia. Dentro das distintas áreas en que este Concello traballa para incrementar o uso e o prestixio da lingua galega, a mocidade é considerada como un sector estratéxico dentro da planificación e desenvolvemento de actividades para a normalización lingüística; consonte sinalan tanto os estudos sociolingüísticos como o *Plan xeral de normalización da lingua galega* (Xunta de Galicia, 2004).

Xa que logo, o Concello de Pontevedra desenvolve unha liña de traballo específica para fomentar o uso do galego entre a mocidade pontevedresa. Dentro deste ámbito de acción, convócase un concurso dirixido á mocidade para impulsar a creatividade en lingua galega da nosa mocidade desde distintos eidos de expresión como a escrita (prosa e poesía), fotografía desde a ollada crítica, a música, a banda deseñada, a creación de curtametraxes e as redes sociais máis usadas pola mocidade: Instagram e Tik Tok. De acordo cos obxectivos da programación para a normalización da lingua galega entre a mocidade, estes certames teñen como obxectivo acadar unha maior utilización do idioma galego por parte das xeracións máis novas incentivando a creatividade, a participación e a comunicación en galego, así como a reflexión sobre o uso e a situación social da nosa lingua.

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión dos distintos premios que conforman o Certame Ben Veñas, Maio 2025.

2 Réxime xurídico

A concesión dos premios obxecto destas bases rexerase polo disposto na Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17.09.2014 (BOP nº190 do 30.09.2004), pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado por Real decreto 887/2006, de 17 de novembro, e pola Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación.

3 Crédito orzamentario

Para a concesión dos premios obxecto desta convocatoria destinaranse o crédito global máximo de 3.750 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 09.3341.48100, "premios normalización", do orzamento de gastos do exercicio 2025.





4 Persoas beneficiarias

Persoas novas estudantes nos centros públicos de ensino secundario obrigatorio, ciclos formativos e bacharelato do concello de Pontevedra.

5 Actividade obxecto dos premios

Esta convocatoria de premios para incentivar o uso da lingua galega na mocidade encádrase dentro do programa de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra e do PES. Con este fin, convócanse os premios Ben Veñas Maio 2025 en réxime de concorrencia competitiva: XXIV Certame Musical, IV Certame de Vídeos de Tik Tok e *Reels* de Instagram, IX Certame de Curtametraxes, XXIV Certame de Fotografía, XXXII Certame de Banda Deseñada, XXXII Certame de Narración Curta e XXIV Certame de Poesía, para promover o uso da lingua galega na mocidade a través da creatividade e da reflexión sobre a situación social da lingua.

6 Comisión Organizadora

A Comisión Organizadora estará formada pola persoa responsable do Equipo de Dinamización da Lingua Galega de cada un dos IES e CIFP públicos do concello de Pontevedra e mais por unha persoa representante da Área de Normalización Lingüística do Concello. As súas funcións serán decidir os certames que se convocan, difundir a convocatoria entre o alumnado do seu centro, animar a participación, nomear o xurado que cualificará os certames e organizar a entrega de premios.

7 Órgano instrutor

A instrución do procedemento de concesión dos premios correspóndelle ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

8 Xurado cualificador

A Comisión Organizadora designará o xurado que cualificará os traballos, coa asistencia de profesionais expertos nalguna área se for necesario. Debido á especialidade poderase acordar un xurado específico para o certame de música. O xurado aplicará criterios didácticos consonte a súa experiencia de profesionais especializados nas capacidades creativas das persoas mozas e atendendo aos obxectivos de normalización da lingua galega que xeran esta convocatoria.

9 Criterios obxectivos de outorgamento dos premios

Os premios outorgaranse seguindo os criterios obxectivos establecidos polo órgano xestor nas bases reguladoras dos premios. De maneira xeral, teranse en conta o nivel de calidade artística na forma e no





contido consonte a idade e o nivel de estudos do alumnado participante; a orixinalidade das obras; o uso co da lingua galega: a riqueza expresiva e a calidade e corrección da lingua empregada. Tamén se terán en conta outros criterios específicos para cada certame, determinados consonte as características propias da forma de expresión artística de cada disciplina. Para os vídeos de Tik Tok e *reels* de Instagram: a espontaneidade, a adecuación á idade e a orixinalidade do tema. Para o certame musical: a execución, a orixinalidade do tema e a adecuación. Para as curtametraxes: a orixinalidade e a calidade da imaxe ao servizo da temática escollida. Para a fotografía: a calidade da imaxe, a súa pertinencia consonte o texto explicativo que acompaña; a súa representatividade dun uso anómalo ou curioso da lingua galega nun lugar público. Para a banda deseñada: a calidade técnica, a capacidade comunicativa, a orixinalidade do tema e a adecuación. Para a narración curta e a poesía: a adecuación da expresión ao tema escollido, a corrección e a capacidade de comunicación; a orixinalidade dos textos.

10 Xustificación dos premios

De acordo co artigo 13 da Ordenanza xeral reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra, unha vez avaliados os traballos presentados, o xurado elaborará a acta ou actas nas que concrete os premios outorgados en cada categoría, identificando a persoa gañadora de cada premio e o NIF. O órgano instrutor, baseándose na acta do xurado, formulará a proposta de pagamento que se remitirá á Intervención Xeral para a súa fiscalización e posterior aprobación polo Alcalde.

Bases xerais

1 Persoas beneficiarias: poderá participar o alumnado matriculado nos institutos públicos do concello de Pontevedra.

2 Cada participante poderá presentar cantas obras queira, se ben en cada categoría non se concederá máis dun premio á mesma persoa.

3 O alumnado participante non fará figurar o seu nome nas obras, agás no certame de curtametraxes e mais no de vídeos de Tik Tok e *reels* de Instagram. O traballo proposto entregarase nun arquivo nomeado co pseudónimo do autor ou autora e no mesmo correo electrónico xuntarase, noutro arquivo distinto, os datos persoais que corresponden ao devandito pseudónimo: nome, idade, NIF, enderezo postal e electrónico, teléfono, nome nas redes sociais, curso, instituto no que estuda e categoría na que participa. As persoas participantes menores de idade nomearán un representante legal (pai, nai, titor ou titora legal) e farán constar o nome, apelidos e NIF da persoa adulta.

O alumnado que resulte premiado deberá achegar, antes do 30 de maio de 2025, a copia do seu NIF e unha certificación bancaria do número de conta da que sexa titular ou na que estea autorizado/a. Se a conta é da persoa adulta nomeada representante legal, cómpre tamén a súa copia do NIF e copia do libro de familia.





4 Os traballos deberán ser enviados por correo electrónico ao enderezo bvm@pontevedra.gal. No asunto do correo deberá indicarse: o certame, a categoría e o centro de ensino; por exemplo: Certame de narración curta-categoría A-IES Luís Seoane.

5 O prazo de admisión de traballos abrangue desde o 1 ata o 20 de abril de 2025.

6 O xurado que cualificará os traballos será designado pola Comisión Organizadora e só a el corresponde a interpretación das bases. O seu veredicto será inapelable.

7 Todas as obras presentadas poderán ser reproducidas, expostas ou editadas.

8 O anuncio do veredicto do xurado e a entrega de premios realizaranse nunha gala na que se integrará a final do Certame Musical Ben Veñas, Maio, o sábado 10 de maio de 2025, ás 18 horas no auditorio do Pazo da Cultura.

9 Ademais dos premios establecidos, o xurado poderá outorgar cantos accésits considere oportunos. Os accésits consistirán nun lote de libros.

10 Se nalgunha categoría as obras non acadasen o nivel mínimo esixible, o xurado poderá declarar deserto un ou todos os premios contemplados nestas bases. As dotacións económicas dos premios desertos poderán ser empregadas para premiar obras de calquera outra categoría.

11 Ao abeiro do artigo 88.1 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, os premios económicos concedidos quedarán debidamente xustificadas coa presentación da acta da reunión do xurado na que se acorde outorgar os premios Ben Veñas, Maio que regulan estas bases.

12 Forma de pagamento. O decreto de Alcaldía en que se outorguen os premios ás persoas gañadoras disporá tamén o pagamento daqueles na contía que corresponda. A Tesouraría municipal realizará o pagamento dos premios na conta bancaria determinada polas persoas gañadoras, consonte co procedemento determinado na normativa de aplicación.

13 De acordo co disposto no artigo 11 da Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno do Concello o 17/09/2004 (BOP núm. 190 do 30/09/04), corresponde ao Alcalde a aprobación da convocatoria, a aprobación das bases e a resolución do procedemento cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros. Ao outorgamento dos premios daráselle publicidade segundo o establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Bases específicas

IV Certame de Vídeos de Tik Tok e Reels de Instagram Ben Veñas, Maio

Poderán participar estudantes de 14 anos ou maiores con vídeos publicados en Tik Tok ou *reels* de Instagram.

Os vídeos serán orixinais e de temática libre. A duración non poderá superar os 3 minutos. O idioma empregado será a lingua galega. Os vídeos que se presenten ao concurso deberán incluír o cancelo #benveñasmaio25.





Ademais do previsto nas bases xerais 3 e 4, as persoas participantes deberán incluír no correo a bvm@pontevedra.gal unha ligazón pública do/s vídeo/s que presentan a este certame.

XXIV Certame Musical Ben Veñas, Maio

Poderán participar todos os grupos musicais e/ou solistas, sempre que todos os seus compoñentes estean matriculados/as nalgún instituto público de Pontevedra.

Cada grupo ou solista interpretará dúas pezas orixinais, en calquera estilo musical, de xeito que as súas letras se axusten ás condicións seguintes: o texto da primeira peza será de autoría propia; o texto da segunda peza será dun autor ou dunha autora con obra publicada en galego. En ambos os casos, os textos deben ser en galego.

Para a inscrición, cada grupo ou solista deberá presentar por correo electrónico a bvm@pontevedra.gal o seguinte: a ficha cos datos dos membros do grupo consonte a base xeral 3, a letra das dúas cancións, a ficha de necesidades técnicas para a actuación (que poderá descargarse no sitio web snl.pontevedra.gal) e a ligazón ou arquivo onde escoitar a maqueta das cancións presentadas a concurso.

As bandas interesadas en realizar a gravación de maquetas no Local de Música poden solicitalo no enderezo localdemusica@gmail.com. Deberán enviar un documento especificando estilo, instrumentos, compoñentes, especificacións técnicas etc. Poderán gravar até 5 bandas, por orde de solicitude.

A Comisión Organizadora nomeará un xurado que decidirá os grupos e/ou solistas clasificados para actuar na final e comunicarllo antes do 24 de abril. As inscricións seleccionadas actuarán na gala de entrega de premios do sábado 10 de maio no auditorio do Pazo da Cultura, ás 18 horas. Durante todo o acto empregárase unicamente a lingua galega.

O anuncio do veredicto do xurado e a entrega dos premios realizaranse ao remate do propio certame.

IX Certame de Curtametraxes Ben Veñas, Maio

As curtas serán orixinais, inéditas e de temática libre. O idioma empregado será a lingua galega. A duración do vídeo non poderá sobrepasar os 5 minutos. O formato será en .MP4, .M4V, .MPG, .WMV, .FLV, .AVI ou .MOV. A calidade mínima requirida será de HD 720 p.

Os dereitos de autoría, licenzas de uso e participantes deberán aparecer nos títulos finais de crédito. Ao remate dos títulos de crédito deberán incluírse os logos do Concello de Pontevedra e do Ben Veñas, Maio, que poderán descargarse no sitio web snl.pontevedra.gal. Os arquivos compartiranse co enderezo bvm@pontevedra.gal

XXIV Certame de Fotografía Ben Veñas, Maio





As fotografías deberán recoller algunha imaxe que represente o uso anómalo ou curioso da lingua galega en rótulos, pancartas, faixas publicitarias, pintadas, indicadores... Cada fotografía achegarase cun comentario en galego que xustifique o interese da imaxe obtida, así como o lugar e a data de obtención. A técnica fotográfica e o tamaño serán libres.

Os traballos enviaranse en formato PDF ao enderezo bvm@pontevedra.gal

XXXII Certame de Banda Deseñada Ben Veñas, Maio

As obras serán orixinais e inéditas. O tema será libre e os textos serán en lingua galega. A extensión será de dúas páxinas como mínimo e de seis como máximo, en formato DIN-A4.

Os traballos enviaranse en formato PDF ao enderezo bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

- Categoría A: ata 14 anos inclusive
- Categoría B: a partir de 15 anos

XXXII Certame de Narración Curta Ben Veñas, Maio

O tema das narracións será libre. As obras deberán estar escritas en lingua galega e ser orixinais e inéditas; terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de catro, a dobre espazo e con letra Times New Roman do tamaño 12.

Os traballos enviaranse en formato PDF ao enderezo bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

- Categoría A: ata 14 anos inclusive
- Categoría B: a partir de 15 anos

XXIV Certame de Poesía Ben Veñas, Maio

Os poemas serán de tema libre e terán unha extensión máxima de trinta versos. As obras serán orixinais e inéditas, escritas en lingua galega, a dobre espazo con letra Times New Roman do tamaño 12.

Os traballos enviaranse en formato PDF ao enderezo bvm@pontevedra.gal

Establécense dúas categorías:

- Categoría A: ata 14 anos inclusive
- Categoría B: a partir de 15 anos

11 Premios





Certames Ben Veñas, Maio		1º premio	2º premio	3º premio	Premio especial
XXIV Certame Musical		450 €	300 €	150 €	600 €
IV Certame de Vídeos de Tik Tok e Ree/s de Instagram		150 €	100 €		
IX Certame de Curtametraxes		150 €	100 €		
XXIV Certame de Fotografía		150 €	100 €		
XXXII Certame de Banda Deseñada	Categoría A	150 €	100 €		
	Categoría B	150 €	100 €		
XXXII Certame de Narración Curta	Categoría A	150 €	100 €		
	Categoría B	150 €	100 €		
XXIV Certame de Poesía	Categoría A	150 €	100 €		
	Categoría B	150 €	100 €		
Total		3.750,00 euros			

Se nalgunha categoría as obras non acadan o nivel mínimo esixible, o xurado poderá declarar deserto un ou todos os premios contemplados nas bases. As dotacións económicas dos premios desertos poderán ser empregadas para premiar obras presentadas a calquera categoría dos outros certames.

